

Ceip de Arteixo

Curso 2022-23



Informacións sobre a entrada na escola

- A organización do curso 2022-23 e o seu periodo de adaptación concretarase na web a principios de setembro.
- Se algún día ven a recoller ao neno unha persoa distinta á habitual deberase avisar á titora con anterioridade.
- Para a clase empregarase un **mandilón** que **abotoe** por **diante**, de **cadros vermellos e brancos**, con nome do alumno/a e un **lazo de cor amarelo** á altura do peito.
- **Toda a roupa, mandilóns e bolsas de merenda deberán vir marcadas co nome. Os mandilóns, abrigos e chaquetas traerán unha cinta para colgalos na percha.**
- O alumando traerá diariamente unha **bolsa de tea** ou mochila pequena coa súa merenda e una botella reutilizable para a auga.
- Calquera situación que deba coñecer a titora con respecto ao neno/a (**alerxias, enfermidades, réxime de custodia do menor...**) debe comunicarse coa maior brevidade.
- O alumnado non pode (agás informe médico) asistir ao colexio con cueiro.
- **Non se administrarán menciñas.**
- É importante ser **puntual** nas **entradas e saídas**.
- Á hora de despedirse deles é importante que o momento sexa afectivo pero **curto**.
- A **matrícula** nesta etapa **implica a obrigatoriedade de asistencia**. No caso de que o alumnado falte á clase, xustificarse a falta por escrito.
- **Favorecerase a autonomía das nenas/os** poñéndolle roupa cómoda: sen cintos, nin petos, calzado sen cordóns (mellor velcro), etc.

A información referente ao inicio de curso colgarase na web do centro no mes de setembro.

Comezar en educación infantil



O inicio da escolarización é un grande paso para os nenos. Cuarto curso de infantil acolle a nenos moi pequenos, con pouca autonomía persoal, con escaso desenvolvemento da linguaxe e que aínda dependen en gran medida do adulto. Ademais, considerade que o voso fillo ou filla non estará só, estará cun grupo numeroso de alumnado.

A Educación Infantil é unha etapa que, aínda que non é obrigatoria, con todo, escolariza á maioría dos nenos e nenas de 3 a 5 anos. Ten fundamentalmente unha función educativa, non é un lugar para que o neno sexa atendido mentres a familia traballa, senón que se trata dunha institución educativa.

A finalidade principal é desenvolver competencias básicas nestas idades, como a comunicación, a psicomotricidade, o desenvolvemento cognitivo, as relacións sociais e a adquisición de hábitos de autonomía persoal. Aínda que aprenderán outras cousas, estas son as prioritarias neste período.

No noso centro os nenos e nenas serán atendidos por profesionais da educación. As mestras de Educación Infantil son profesionais da Educación, realizaron estudos universitarios que as cualifican por iso, a súa opinión, os consellos e orientacións que vos faciliten, deben ter para vós un peso moi relevante: veñen dun profesional especializado e non poden equiparalos nin ao parecer de amigos e familiares que non son expertos, nin a calquera opinión que atopedes en Internet.

O PERIODO DE ADAPTACIÓN

Durante as primeiras semanas os vosos fillos terán un período de adaptación. Para iso o centro establece un horario no que o voso fillo ou filla comeza asistindo períodos moi breves de tempo á escola, para afacerse á nova situación.

Este período ten como finalidade facilitar a adaptación do neno/a a esta nova realidade, e a estar separado dos seus pais.

RECOMENDACIÓNS IMPORTANTES

1. Seguid as normas

Considerade que o voso fillo ou filla non está só. Na súa aula e no centro hai moitos máis nenos/as e por iso, é necesario establecer unhas normas para o axeitado funcionamento e a atención óptima ao alumnado. O respecto das normas será un exemplo positivo para o voso fillo ou filla. Si os pais non cumprides as normas? Como llas imos a esixir aos nenos?

Por iso é moi importante que respectedes os horarios, as normas de entrada e saída, as que se establezan respecto de a roupa que deben traer ou ao material, etc.

2 Potenciade hábitos

A asistencia á escola pode ser un momento privilexiado para a adquisición dunha serie de hábitos axeitados. É un bo momento para mellorar os hábitos de alimentación, de soño, de autonomía persoal e o seu comportamento en xeral.

3 Colaboración familia-escola

A escola colabora coa familia no seu labor educativo. Non o esquezades: a responsabilidade da educación dos vosos fillos e fillas é vosa como pais e nais, a escola é só colaboradora. Animámosvos a manter unha boa e fluída relación coas mestras e profesionais da escola. A titora do voso fillo debe ser a persoa de referencia. Como mínimo, deberiades manter unha entrevista trimestral para informarnos da evolución do voso fillo/a e se fose necesario, adoptar xuntos as medidas necesarias.

No noso centro traballamos un equipo de orientación: unha orientadora e especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe. Somos profesionais especializados que tamén vos podemos asesorar no voso labor educativo e no desenvolvemento do voso fillo ou filla.

4 Aportade a información relevante

É necesario que informedes aos profesionais do centro daqueles aspectos do voso fillo ou filla que poden ser relevantes no contexto escolar. Como poden ser: informar de alerxias, problemas de saúde, intolerancias alimenticias ou necesidades educativas especiais.

Tamén tedes a obriga de informar de situacións legais de custodia, patria potestade, ordes de afastamento ou similares, para que o centro adopte as medidas oportunas.

CONSELLOS PARA EMPEZAR CON BO PÉ

1 Preparede ao neno: explicádelle a onde irá, que actividades fará, con quen estará. Destacade sempre o positivo!!!

2 Compreendede que pode ter medo a separarse de vos e do seu entorno coñecido: a escola é un sitio novo e descoñecido para el.


3 Precisarás tempo para adaptarse. Estará máis sensible, pode que enfadado; así expresa o seu temor e angustia. Acollédeo con amor e límites.

4 Os rituais de despedida pode que os fagan sentir máis seguros. Bicos máxicos, mimos extra. Pero procurade non alargar demasiado a despedida. Confiade en que vai a estar ben atendido polo persoal do centro.

5 Precisa saber que aínda que non esteades sempre xuntos, os vosos corazóns si o están. Déixalle saber que sempre está nos vosos pensamentos.

6 É moi importante que sexades moi puntuais. Cando vos retrasades e ven como os compañeiros e compañeiras marchan séntense moi temerosos.

7 Ofrécelle unha atención especial e de calidade no tempo que pasades xuntos.



COUSAS QUE OS NENOS/AS DEBEN CONTROLAR CANDO COMEZAN NO COLEXIO

1. Control de esfínteres. O voso fillo ou filla debería saber avisar de que quere facer pis e aguantarse as ganas ata o lavabo. Tamén debe saber limpase con papel hixiénico e lavar as mans despois. O ritmo de maduración necesario para ser capaz de controlar tanto a micción como a defecación difire moito dun neno a outro e algúns poden atopar certas dificultades. En calquera caso, convén adestrarlles con tempo suficiente e evitar a presión que supón a data de inicio do cole. Si o voso fillo ou filla se amosa pouco colaborador, apoiádevos nas rutinas que funcionan, usade a vosa paciencia e non o/a castigues.

2. Comer só. O voso fillo ou filla debe ter certa autonomía a hora de comer tanto na parva de media mañá coma se acode ao comedor escolar debería comer con culler e tenedor, beber nun vaso e usar un pano para limpase a boca.

3. Saber poñerse algunhas pezas. Pediráselle que saiba poñerse os zapatos. Para empezar é conveniente usar uns de **pechadura de velcro** e si non hai sinal no calzado, fai unha para que poida diferenciar o esquerdo do dereito. Tamén convén ensinarlle a poñerse unha chaqueta ou un anorak introducindo as mans na mangas por diante e pasando a peza por encima da cabeza. Es saber baixar e subir a roupa para ir ao baño.

4. Recoller as súas cousas. Ordenar os seus xoguetes, colgar a súa roupa no lugar adecuado, poñer as súas cousas na mochila... son parte das rutinas do cole. Todas estas tarefas pódense traballar en casa.

5. Aguantar sentado ata terminar a súa tarefa. Intentade que non se levante en todo momento cando está comendo, debuxando, lendo... En cambio, limitade as horas de tele e videoxogos e aumentade as visitas ao parque, montar en bicicleta ou acudir á piscina para que gaste as súas enerxías.